

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 11.12.2025 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de decembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1.** Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia, doc. núm. 33923 (12/PL-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 17.09.2025
Publicación das emendas ao articulado BOPG 275, do 28.10.2025
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 296, do 04.12.2025
- Punto 2. Comparecencia**
- 2.1 31073 (12/CPC-000107)
Da directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, por petición propia, para informar sobre avances na xestión e planificación do litoral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241f1, do 25.08.2025
- Punto 3. Preguntas**
- 3.1 30540 (12/POC-005138)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a valoración e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa situación laboral das persoas traballadoras das contratas encargadas do mantemento da autovía AG-41
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f2, do 21.08.2025
- 3.2 36734 (12/POC-006334)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna
Sobre o grao de cumprimento, por parte da empresa concesionaria, do servizo que presta no encoro de Portodemouros a barcaza que une Loño e Beigondo, pertencentes aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 273f1, do 23.10.2025
Publicación recualificación, BOPG n.º 290f2, do 26.11.2025
- 3.3 38361 (12/POC-006178)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as razóns da eliminación ou diminución dos orzamentos de Augas de Galicia relativos á participación pública, á transparencia e á educación para a sustentabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287fl, do 20.11.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2025

Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Carmen María Pomar Tojo

P

Vicepresidente

José Luis Ferro Iglesias

P

Secretario

Paulo Ríos Santomé

BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Aitor Bouza Manso

S

Cristina Campero Dorado

P

Alexandra Fernández Gómez

BNG

Carlos López Font

S

Rubén Lorenzo Gómez

P

Argimiro Marnotes Fernández

P

Armando Ojea Bouzo

M

Roberto Rodríguez Martínez

P

Moisés Rodríguez Pérez

P

Gonzalo Trenor López

P

Montserrat Valcárcel Armesto

BNG

Katherinie Varela Fernández

P

Sonia Vidal Lamas

BNG

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei do clima de Galicia, doc. núm. 33923 (12/PL-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 17.09.2025
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 296, do 04.12.2025

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025 Hora: 10:30

Orde do día

2. Comparecencia

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31073(12/CPC-000107)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático,
por petición propia, para informar sobre avances na xestión e
planificación do litoral

Publicación da iniciativa, 241f1, 25.08.2025

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- da directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, para informar sobre **avances na xestión e planificación do litoral.**

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-Kj6FRkq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/08/2025 13:42:15

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:42:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:42:18
Nº Rexistro: 31073
Data envío: 14/08/2025 13:42:18.200

CSV REXPC-Kj6FRkq-3
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025 Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 30540(12/POC-005138)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a valoración e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego en relación coa situación laboral das persoas traballadoras das contratas encargadas do mantemento da autovía AG-41

Publicación da iniciativa, 239f2, 21.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:42:35
Nº Rexistro: 30540
Data envío: 06/08/2025 12:42:35.710

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O día 14 de outubro de 2024 a Xunta de Galicia anunciou o rescate de 4 autovías galegas, entre a que se atopaba a autovía do Salnés AG-41.

A asunción por parte do Goberno galego faise efectiva a principios do ano 2025 continuando nun inicio as concesionarias que se encargaban do seu mantemento.

As persoas traballadoras destas concesionarias, conscientes de que se atopan nunha situación temporal, presentan un escrito solicitando ao Goberno galego información sobre o seu futuro laboral no mes de decembro, ao non ter resposta vense obrigados a interpoñer un recurso de alzada ante a Axencia Galega de Infraestruturas no mes de xaneiro, novamente sen resposta por parte da Xunta.

No mes de xuño a Axencia Galega de Infraestruturas publica os pregos de conservación ordinaria e viabilidade invernal da rede autonómica de estradas de Galicia, integrando o mantemento e conservación da AG-41 no lote 6 (Pontevedra Norte) e deixando sen prever 13 postos de traballo en relación cos existentes ata o de agora.

Ante isto as persoas traballadoras interpoñen un recurso ante o TACGAL, con solicitude de suspensión do procedemento de licitación como medida preventiva, que foi desestimado o pasado 27 de xullo 2025.

Asinado o día 06/08/2025 ás
12:34
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/08/2025 ás
12:34
Por Paloma Castro Rey

CSM-REXPG-ZicXEt6W-5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:42:35
Nº Rexistro: 30540
Data envío: 06/08/2025 12:42:35.710

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que por lei o novo contrato debe subrogar ao persoal das contratas que viña realizando o mantemento e por isto o goberno debe modificar o prego vixente.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Entende este goberno que no caso de asunción da xestión dunha estrada por parte da Administración, existe por lei dereito de subrogación do persoal das contratas que viña realizando o seu mantemento?
2. Vai o Goberno galego modificar o prego de licitación publicado o día 10 de xuño de 2025 para a conservación ordinaria e vialidade invernal da rede autonómica de estradas de Galicia, no sentido de manter integramente os postos de traballo existentes no lote 6 (Pontevedra Norte) relativos ao mantemento e conservación da AG-41?

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2025

CSV REXPO-Z6X4E6W-5
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/08/2025 12:34:00

Carlos López Font na data 06/08/2025 12:34:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:42:35
Nº Rexistro: 30540
Data envío: 06/08/2025 12:42:35.710



CSV REXPO-Z6X4E6W-5
Validado
<https://seste.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/08/2025 12:42:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/08/2025 12:42:35
Nº Rexistro: 30540
Data envío: 06/08/2025 12:42:35.710



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 36734(12/POC-006334)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o grao de cumprimento, por parte da empresa
concesionaria, do servizo que presta no encoro de
Portodemouros a barcaza que une Loño e Beigondo, pertencentes
aos concellos de Vila de Cruces e Santiso respectivamente

Publicación da iniciativa, 273f1, 23.10.2025

Publicación recualificación, 290f2, 26.11.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:51:01
Nº Rexistro: 36734
Data envío: 14/10/2025 12:51:01.916

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a barcaza de Portodemouros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse no presente 2025, 63 anos dende que se outorgou por Orde Ministerial á Hidroeléctrica Moncabril S.A. a concesión para o aproveitamento integral da conca do Río Ulla a través de oito saltos, entre os que se atopa o de Portodemouros, o único que se levou a cabo ao amparo de dita orde. Non entanto, na actualidade, e tras sucesivas modificacións, a concesión está formada por 4 saltos, cuxa titularidade do dereito lle corresponde a Gas Natural Fenosa S.L., que os aproveita para a xeración eléctrica.

O proxecto de Portodemouros, que englobaba o encoro e a central eléctrica situada a pé de presa, tivo dende a súa construción como único obxecto o aproveitamento enerxético, sen ter en conta a opinión de quen alí vivía, feito que dou lugar a protestas e mobilizacións que mesmo remataron con xuízos e veciños no cárcere nos últimos anos da ditadura.

Malia esa oposición veciñal, no 1968 foi aprobado comezou a súa explotación, que se estende ate o día de hoxe, deixando divididas dúas comarcas que eran limítrofes por unha masa de auga que pode chegar aos 297 hectómetros cúbicos de volume total, inundando terras de labradío nunha zona de gran aptitude agrogandeira e levando por diante aldeas enteiras sen que os beneficios redundaran en ningún momento na xente que habitaba o territorio no pasado nin no presente.

Asinado o día 14/10/2025 ás
12:48
Por Ariadna Fernández González

CSV: REVPG-w6supSS-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:51:01
Nº Rexistro: 36734
Data envío: 14/10/2025 12:51:01.916

Coa inundación chegou polo tanto a incomunicación de ambas marxes, quedando separadas as parroquias de Loño, pertencente ao concello dezaio de Vila de Cruces e Beigondo, encadrada no coruñés de Santiso, desaparecendo as vías de paso existentes que, anos despois se substituírían cunha barcaza que se rexe pola orde ministerial de maio do 1975 e que tiña por fin comunicar ambas marxes do encoro, e que mantería a sociedade concesionaria deste. Dita barcaza comezou a dar servizo no 1977 e a partires do 1983 este converteuse en permanente pola resolución do 28/09/1983, transportando vehículos, animais, carros, etc durante as 24 horas do día os 365 días do ano dunha beira á outra, resultado que non foi gratuíto e que se debeu a unha grande loita social ao respecto.

O servizo, que se trata dunha compensación polo uso dun ben público, só pode interromperse tras dita resolución por causas de forza maior derivadas de circunstancias imprevisibles ou inevitables, feito que se incumprir de xeito recorrente e que ocasiona problemas para todos aqueles usuarios e usuarias da embarcación, coma se leva denunciando dende o BNG durante anos, tempo no que se presentaron, entre outras medidas, iniciativas parlamentares ao respecto que foron aceptadas por unanimidade para logo incumprilas. Tanto é así que, ano tras ano, os veciños e veciñas que pasan dunha beira á outra para acudir a empresas próximas, para levar a cabo actividades da súa vida social, asistir a institutos, ou para facer as súas labores agrícolas en leiras dun e doutro lado do Ulla, sofren cortes do servizo que os obrigan a percorrer aproximadamente 30 quilómetros por a inoperancia da barcaza, o que supón un gasto extra de combustible e de tempo que non teñen por que sufrir.

Recentemente, os veciños e veciñas acaban de ver o servizo público da barcaza suspendido novamente para logo volver a ser restablecido sen levar a cabo o mantemento da mesma, que era o feito que motivaba a parada. Non foi posible levar a cabo tal obxectivo debido ao baixo nivel das augas, que non permitiron sacar a barcaza do encoro de maneira que as labores de mantemento non foron realizadas e suporán un novo paro do servizo cando sexa posible. Non é de menor importancia o feito de que a propia empresa





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:51:01
Nº Rexistro: 36734
Data envío: 14/10/2025 12:51:01.916

concesionaria é quen regula o nivel das augas, polo uqe ese descoñecemento non é mais que unha actitude pouco planificada por parte desta.

Esta situación prodúcese frecuentemente, de xeito que se pecha o servizo durante 15 días ou un mes ano tras ano para ditas actividades, sen que a barcaza sexa substituída e sen aportar ningún tipo de solucións ao respecto desta suspensión das obrigas da empresa concesionaria, o que xera grande malestar na poboación usuaria, que lonxe de verse beneficiada polo encoro o que recibe son os efectos negativos da permisividade da Xunta de Galiza coa empresa que está a explotar un ben público e que na que repercuten os beneficios económicos. Non é de recibo escusarse en causas de forza maior cando se trata do mantemento da embarcación, que hai que realizar mais que pode facerse de xeito planificado e aportando o servizo aos usuarios namentres non se leve a cabo, sen causar prexuízos á poboación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galiza que a empresa concesionaria do salto de Portodemouros está a cumprir coas obrigas que adquiriu con dita concesión ao respecto do servizo da barcaza que conecta Loño co Beigondo?
2. Valora a Xunta de Galiza como causa de forza maior, levar a cabo o mantemento da barcaza de Portodemouros, de xeito que recorrentemente se suspende o servizo público que presta?
3. Que solucións valora a Xunta de Galiza para a poboación que ve o acceso ao servizo público da barcaza de Portodemouros suspendido e ten que percorrer 30 quilómetros para chegar dun lado ao outro do Ulla a esa altura?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-4x6supSS-2

Verificado

<https://sesta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 14/10/2025 12:48:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:51:01
Nº Rexistro: 36734
Data envío: 14/10/2025 12:51:01.916

CSV REXPO-4x6supSS-2
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/10/2025 12:51:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2025 12:51:01
Nº Rexistro: 36734
Data envío: 14/10/2025 12:51:01.916

CSV REXPO-4x6supSS-2
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 11:16:37
Nº Rexistro: 39191
Data envío: 24/11/2025 11:16:37.433

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de rexistro **36734**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 2ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REVPG-HX02Z-xRN-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 24/11/2025 ás
11:15
Por Ariadna Fernández González

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/11/2025 11:15:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 11:16:37
Nº Rexistro: 39191
Data envío: 24/11/2025 11:16:37.433

CSV: REXPG-HXkZzhRN-6
Validación:
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 11:16:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 11:16:37
Nº Rexistro: 39191
Data envío: 24/11/2025 11:16:37.433

CSV: REXPG-HXdzZxRN-6
Validar:
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 38361(12/POC-006178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns da eliminación ou diminución dos orzamentos
de Augas de Galicia relativos á participación pública, á
transparencia e á educación para a sustentabilidade

Publicación da iniciativa, 287f1, 20.11.2025



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envío: 07/11/2025 09:40:11.236

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á necesidade de que Augas de Galiza adopte un modelo de gobernanza hidráulica aberto, inclusivo e efectivo .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos de Augas de Galiza para o ano 2026 presentan unha contradición esencial entre o discurso sobre gobernanza participativa e a realidade das partidas asignadas á participación cidadá, transparencia hídrica e educación para a sustentabilidade. Mentres o orzamento total sube un 5,5% ata os 151,7 millóns de euros, as partidas cruciais para implicación da cidadanía desaparecen ou redúcense drasticamente:

- Procesos de participación pública: de 2 a 0 procesos en 2026, 2027 e 2028.
- Transparencia Hídrica: de 1.066.830 euros a 0 euros.
- Educación para a Sustentabilidade: apenas 200.000 euros (0,13% do orzamento), insuficiente para mobilizar maioritariamente a sociedade galega.

Esta situación é incompatible:

- Co artigo 14 da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE), que obriga á participación activa da cidadanía na planificación hidrolóxica.

Asinado o día 07/11/2025 ás
09:38
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 07/11/2025 ás
09:38
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: REVPG-HN66UKn-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



- Co artigo 16 da Lei 9/2010 de Augas de Galiza, que crea o Consello para o Uso Sustentable da Auga como órgano de participación pública, sen poder vinculante real nin recursos materiais suficientes.

- Co principio de transparencia e participación obrigatorio segundo a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

A falta de procesos participativos revela unha planificación opaca que deslexitima a xestión hidráulica pública, limita o acceso da cidadanía á información e impide que concellos, sector agrario, industrial e veciñal poidan exercer voz real nas decisións sobre vertidos, recursos e infraestruturas.

A educación ambiental e de eficiencia hídrica é pouco máis que simbólica, cunha partida testemuñal cando a DMA e a evidencia técnica apuntan que só unha sociedade implicada pode reducir consumos, mellorar calidade e cumprir os compromisos europeos que evitan sancións e perda de credibilidade institucional.

As experiencias doutras comunidades autónomas e confederacións hidrográficas demostran que a gobernanza participativa, a transparencia de datos e a mobilización social na eficiencia hídrica son posibles e efectivas, sempre que existan vontade política e recursos orzamentarios.

En definitiva, a Xunta de Galiza debería reverter a política de recortes en participación, transparencia e educación, e apostar por un modelo de gobernanza hidráulica verdadeiramente aberto, inclusivo e efectivo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:



1. Cales son os criterios técnicos, xurídicos e políticos que xustifican a eliminación total de procesos de participación pública nos orzamentos de Augas de Galiza para o ano 2026 pasando de 2 procesos en 2025 a 0 procesos?

2. Por que motivo se suprime completamente a partida de "Transparencia Hídrica" dotada con 1.066.830 euros en 2025, deixándoa en 0 euros para 2026, sendo esta partida fundamental para garantir a confianza cidadá e o cumprimento do principio de transparencia establecido na Lei 39/2015?

3. Como concilia o Goberno da Xunta o discurso sobre gobernanza participativa e inclusiva en materia de augas coa realidade orzamentaria que elimina toda a participación pública programada para os próximos tres exercicios?

4. Cantos procesos de participación cidadá en materia de xestión hídrica tiña previsto realizar Augas de Galiza en 2026 antes da elaboración dos orzamentos, e que motivou a redución a cero procesos?

5. Considera o Goberno da Xunta que a dotación de apenas 200.000 euros (o 0,13% do orzamento de Augas de Galiza) para Educación e Sensibilización en Sustentabilidade Hídrica é suficiente para mobilizar á cidadanía galega cara á eficiencia hídrica e ao cumprimento dos obxectivos da Directiva Marco da Auga?

6. Que medidas específicas ten previstas Augas de Galiza para garantir o cumprimento do artigo 14 da Directiva Marco da Auga (2000/60/CE) sobre participación activa das partes interesadas, dado que os orzamentos eliminan os procesos participativos?

7. Prevé o Goberno da Xunta recuperar as partidas de Transparencia Hídrica e Participación Pública nos orzamentos de exercicios futuros? En caso afirmativo, con que dotación e en que prazos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envío: 07/11/2025 09:40:11.236

8. Que funcións e actividades desempeña actualmente o Consello para o Uso Sustentable da Auga, previsto no artigo 16 da Lei 9/2010, e con que frecuencia se reúne? Cantas sesións celebrou en 2024 e 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica




Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/11/2025 9:38:50

Luis Bará Torres na data 07/11/2025 9:38:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envío: 07/11/2025 09:40:11.236



CSV REXPG-HNSBUKCh-3

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 9:40:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 09:40:11
Nº Rexistro: 38361
Data envío: 07/11/2025 09:40:11.236



CSV REXPG-HNSBUKCh-3
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

